

A falta de ordenación e regulación do tráfico no cruce das rúas Julián Valverde e Jose Pereira Troncoso provocan o caos durante a tarde de onte. Os camións de formigón que transportaban material para as obras, entraban marcha atrás en pleno cruce e finalmente provocaron un sinistro cun turismo.

As medidas de seguridade e a organización da obra non contenta nin a veciños nin comerciantes. Peóns camiñan sen barreiras de seguridade por debaixo de excavadoras e camións e en medio da actividade frenética das obras.

As obras de humanización seguen traendo de cabeza aos veciños de Sabarís. O motivo, non son precisamente as molestias relativas aos ruidos ou a cortes intermitentes de tráfico; o motivo principal do "cabreo veciñal" ven dado pola improvisación e a falta de organización e seguridade da obra. Froito deste caos organizativo, os camións de formigón provocaron onte o caos no cruce das avenidas Jose Pereira Troncoso e a avenida Julián Valverde manobrando marcha atrás e sen nengún operario nin policía local que regulase ditas manobras o que finalmente rematou cun sinistro que non revestiu máis gravidade que os propios danos materiais do vehículo afectado.


40
E 5602
BDY